

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE FERROL EN COMÚN CON MOTIVO DA ESCALADA MILITAR EN PALESTINA

O Grupo Municipal Ferrol en Común, ao abeiro do disposto nos artigos 104 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, presenta no Pleno da Corporación Municipal a moción con motivo da escala militar en Palestina.

Exposición de motivos

Dende a madrugada do sábado 7 de setembro estamos sendo testemuñas da enésima escalada no conflito que se leva desenrolando dende fai 75 anos en Palestina. Unha guerra de ocupación militar e apartheid que leva sufrindo o pobo palestino, totalmente asimétrico e no que o Estado de Israel aplica unha forza desproporcionada sempre na resposta ante as accións de resistencia dos diversos grupos e milicias palestinos.

Esta vez a ofensiva foi iniciada dende a Franja de Gaza, unha das dúas zonas nas que quedou dividido o territorio palestino despois das numerosas invasións e usurpacións territoriais por parte de Israel. Gaza converteuse, dende fai tempo, nunha enorme cárcere ao aire libre na que viven hacinados 2,4 millóns de palestinos e palestinas, sen acceso ás mínimas condicións e servizos que permitan unha vida digna, por decisión e responsabilidade única e exclusiva do Estado israelí, que impuxo un bloqueo por terra,

mar e aire sobre a Franxa de Gaza dende o ano 2007 e que xenerou unha situación de emerxencia humanitaria.

Ante a declaración do estado de guerra por parte das autoridades israelíes por primeira vez dende 1973, recordaremos o dereito á resistencia mediante todos os medios ao seu alcance que teñen os pobos baixo ocupación, tal e coma ocórrelle ao pobo palestino dende fai 75 anos.

O exército israelí xa puxo en marcha novos ataques aéreos sobre a Franxa de Gaza que son unha nova violación do dereito internacional e as resolucións da ONU. A única solución ao conflito é que a comunidade internacional garanta o cumprimento por Israel das distintas resolucións sobre territorios ocupados que leva incumprindo sistematicamente, garantir o dereito de Palestina a ser un Estado soberano e independente e poñer en marcha de inmediato un proceso de paz que garante o final do conflito armado.

Por elo, fronte as declaracións que xa xustifican un novo ataque a grande escala, reafirmamos a nosa solidariedade coas palestinas e palestinos que cada día resisten a ocupación, o apartheid e o exilio.

Polo anteriormente exposto, o grupo municipal de Ferrol en Común somete a votación a presente moción e os seguintes acordos:

1. O Pleno do Concello de Ferrol amosa a súa solidariedade e apoio aos palestinos e palestinas que se atopan no conxunto de Palestina e no exilio, coma consecuencia da guerra de ocupación que leva exercendo o Estado de Israel dende fai 75 anos.

2. O Pleno do Concello de Ferrol condena firmemente a guerra de ocupación que exerce Israel contra Palestina, así coma o asasinato de civís por parte de calquera dos bandos, e exige o cumprimento das resolucións da ONU e o recoñecemento das fronteiras establecidas en 1967, fronteira internacionalmente aceptada.

3. O Pleno do Concello de Ferrol insta ao Goberno Autonómico de Galicia a enviar axuda humanitaria á poboación palestina na Franxa de Gaza, que está a sufrir a brutal represión israelí e non conta con acceso aos produtos básicos.

4. O Pleno do Concello de Ferrol insta ao Goberno de España, e ao seu Presidente que ocupa a Presidencia rotatoria da Unión Europea, ao recoñecemento do Estado de Palestina, con todas as consecuencias.

5. O Pleno do Concello de Ferrol insta ao Goberno de España a mediar a nivel internacional para poñer fin á guerra que declarou Israel contra a Franxa de Gaza.

Ferrol, 20 de outubro de 2023

Jorge Suárez Fernández

Voceiro do GM Ferrol en Común